

Ponteareas, 20 de setembro de 2022

REUNIDOS

Dunha parte, dona MARÍA CRISTINA FERNÁNDEZ DAVILA, con DNI 36082682Y, alcaldesa, quen comparece en nome e representación do Concello.

Doutra, don ROGELIO GROBA GROBA, con DNI 35356690D, en calidade de presidente da Fundación Rogelio Groba (en diante, "A Fundación"), con CIF G36433712, e domicilio na rúa Rogelio Groba Groba, 3, de Ponteareas, actuando en nome e representación legal desta.

Recoñécense mutuamente capacidade legal para a representatividade das devanditas institucións e asinan o presente convenio, para o que

MANIFESTAN

1. Que a Fundación Rogelio Groba mantén a súa sede social na localidade de Ponteareas e que desenvolve iniciativas e actividades relacionadas cos seus fins fundacionais, nomeadamente de difusión da música clásica galega e universal e de promoción do patrimonio do compositor Rogelio Groba Groba.

2. Que o Concello posúe unha longa tradición musical e entende, ademais, que a música constitúe unha das principais expresións artísticas; no seu afán de promover o desenvolvemento cultural da veciñanza, é por este motivo polo que pretende apoiar e promover o estudo, investigación e divulgación da obra do compositor Rogelio Groba, polo que está interesado en que esta situación se manteña por mor dos beneficios, principalmente sociais e culturais, que iso representa para a localidade e, ademais, está interesado en garantir a supervivencia da fundación.

3. Que o Concello está disposto a colaborar no financiamento da fundación mentres esta manteña a súa sede e actividades no concello de Ponteareas. E que, en orde a colaborar activamente coa Fundación no cumprimento dos



fins que lle son propios, entende oportuna a subscrición do presente CONVENIO DE COLABORACIÓN, que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. O obxecto do presente convenio é establecer os termos da colaboración entre as partes.

SEGUNDA. O Concello, en apoio do funcionamento da Fundación, e dadas as actuais circunstancias económicas e debido ás dificultades para captar recursos, contribuirá ao seu mantemento durante o ano 2022 coa achega de 5.000 euros para axudar a cubrir os gastos correntes vinculados co funcionamento da Fundación e coas actividades que realicen.

TERCEIRA. En calidade do seu representante, o Concello designará un interlocutor para o seguimento da execución do presente convenio.

CUARTA. O pago da achega económica que o Concello compromete a través do presente convenio farase efectiva na c/c facilitado pola Fundación a tesoureira municipal e realizarase do seguinte xeito:

-O pago anticipado do 80%, da contía do convenio, 4000€, mediante transferencia para así facilitar o normal desenvolvemento da Fundación. Este pago realizarase unha vez presentada a documentación necesaria para a concesión da subvención mediante Decreto.

-O pago do 20% restante, 1.000€, que terá carácter de liquidación da subvención, unha vez presentada a conta xustificativa con facturas orixinais, acompañadas dos xustificantes bancarios de gasto do presente ano 2022, xunto cunha declaración doutras axudas percibidas para a mesma finalidade. A data límite para presentar a conta xustificativa é o 15/10/2022 Tras a súa comprobación, será ingresado polo Concello de Ponteareas na conta facilitada pola Fundación Groba, sempre e cando a xustificación este completa e correcta; en caso contrario, procederase ao reintegro da subvención concedida.



Así mesmo, incorporaranse os xustificantes para o pago, un informe emitido polo/a responsábel municipal de seguimento do convenio, designado conforme á cláusula anterior, acreditativo do cumprimento do seu obxecto.

Esta subvención á Fundación Rogelio Groba será compatíbel con calquera outra subvención ou axuda para as mesmas finalidades procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais. Deberá acreditarse por parte da Fundación se existen ou non axudas ou ingresos que financien a mesma actividade e, en caso de existir, acreditación da insuficiencia destes para facer fronte á totalidade do orzamento da actividade.

Atendendo á finalidade do presente convenio, e ao ser a Fundación unha entidade de carácter social, sen ánimo de lucro, exímesele á dita entidade da presentación de garantías e avais para a percepción do pagamento anticipado.

QUINTA. A execución do presente convenio farase con cargo á aplicación orzamentaria 33000 / 48015 / 00 do orzamento municipal para o presente ano 2022.

SEXTA. Devolución e reintegro

1.- Procederese ao reintegro das cantidades percibidas, incluídos os intereses de demora desde a recepción do importe da subvención, nos seguintes casos:

- a) Incumprimento da finalidade para o que foi concedida a subvención.
- b) Se o importe da subvención concedida en concorrencia con subvencións e outras axudas doutras Administracións Públicas, ou doutros entes públicos e privados, nacionais ou internacionais, superase o prezo das actividades para desenvolver polo beneficiario, procederá ao reintegro do exceso obtido sobre o custo dá a actividade desenvolvida.

2- As cantidades a reintegrar terán a consideración de ingresos de Dereito público, sendo de aplicación para o seu cobro o disposto no artigo 10 del Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora de facendas locais, e o artigo 17 de la Ley 47/2003, de 26 de novembro, xeral orzamentaria.



SÉTIMA.- A vixencia do presente convenio estenderase desde a data de súa sinatura e ata o 31 de decembro de 2022. En caso de que o beneficiario non aporte a xustificación completa de los gastos realizados, con toda a documentación antes enumerada, con data límite 14/10/2022, decaerá o dereito da percepción de los fondos concedidos.

OITAVA. Interpretación e xurisdición

Todas as cuestións que poidan aparecer a interpretación y execución do presente convenio, considerando a súa natureza xurídico - administrativa, serán sometidas ao orde xurisdiccional contencioso-administrativo.

NOVENO.-Lexislación Aplicable.

En todo o non previsto neste Convenio, estarase a disposición da Lei xeral de subvencións, 38/2003 de 17 de novembro, e no regulamento aprobado polo Real decreto 887/2006 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia.

DÉCIMA. Publicidade do convenio

En cumprimento do disposto no artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS, en adelante) comunicaráselle a subscrición deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

Segundo o artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, o Concello de Ponteareas publicará o texto íntegro do convenio no portal de transparencia.

Así mesmo, estarase ao disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre as obrigas específicas de información sobre convenios.

O que asinan os comparecentes, por duplicado e para un só efecto, no lugar e data indicados *ut supra*.



Polo Concello de Ponteareas

D.ª María Cristina Fernández Davila
Alcaldesa

**Pola Fundación Rogelio
Groba**
D. Rogelio Groba Groba

